



Servizo de préstamo de lectores de libros electrónicos.

O préstamo dun lector de libro electrónico suxeitarase as seguintes condicións:

1. Este servizo está restrinxido aos membros da comunidade universitaria. Para facer uso del ten que acreditarse como tal.
2. A duración do préstamo será de 15 días . Poderá renovalo por outros 15, se non hai máis usuarios en lista de espera. O lector terá que devolverse sempre na biblioteca onde se fixo o préstamo.
3. É responsable do lector que leva en préstamo e dos dispositivos que se entregan con este (tarxeta, cable, usb e funda). Ten que devolvelo nas mesmas condicións en que o recibiu, facer un uso respectuoso do material e non modificar a configuración nin cambiar o contido da tarxeta.
4. Se detecta un mal funcionamento do lector, debera comunicalo de inmediato ao persoal da biblioteca. Se non o comunicase, entenderase como un mal uso e aplicaráse a sanción que lle corresponda.
5. Sancións:
 - a. A devolución con retraso do dispositivo terá a mesma penalización que o resto dos documentos (Normas de préstamo do Servizo de Biblioteca).
 - b. No caso de danos ao equipo o usuario terá que pagar o custe da reparación ou restituílo por outro igual e mentres tanto non poderá acceder ao servizo de préstamo de lectores de libros electrónicos.
 - c. En caso de perda: terá que repoñelo por outro das mesmas características técnicas e mentres tanto no poderá acceder ao servizo de préstamo de lectores de libros electrónicos.
6. O persoal da biblioteca poderá anular o préstamo, no momento en que detecte o incumprimento destas condicións.

A Biblioteca resérvase o dereito de emprender aquelas accións que considere oportunas en caso de incumprimento desta normativa.